

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE XUÑO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

240/08.- Manuel Ferreiro Paderne.- Viv. unifamiliar en Sionlla de Arriba núm.25.-

2015/06- Camino Santo, S.A.- Acondicionamento e apertura de Balneario no edificio adicado a Hotel "Puerta del Camino" sito na R/ Miguel Ferro Caaveiro.-

Lap/332/07.- Nasozena, S.L.- Construción de edificación aislada de duas plantas, adicada a usos terciarios e de apertura dun centro comercial en Cancelas.-

DESFAVORABLES.-

1722/06.- María Santomil Gil.- Derruba de cuberta na R/ Costa de Sta Isabel núm.7.-

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

2518/07.- Mosbrey, S.L.- Parcelación previa agrupación das fincas 961 e 3.079 de concentración de Aríns, denegada na X.G.L. de data 11-02-08 (+).-

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

1831/07.- José Balboa Restaurante, S.L.- Rehabilitación e ampliación dunha edificación adicada a restaurante sito no Viaducto da Rocha núm.2.-

APERTURAS.-

Lap/478/06.- Mª Pilar Fuentes Boado.- Cafetería-restaurante en R/ Raxeira núm.50.-

Lap/30/08.- José Ramón Carballal Dapena.- Carpintería metálica en Lugar Igrexa de Laraño.-

Lap/274/06.- Cat España Logística Cargo, S.L.- Taller mecánica do automóvil en Vía La Cierva núm.188 A.-

Lap/28/08.- Ochoxestión 20, S.L.- Centro de adelgazamento en R/ Luís Iglesias Iglesias núm.7.-

Lap/57/07.- Fernando Casas Lareo.- Carnicería-Charcutería en R/ Ponte do Sar núm.36.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2159/2007.- CARMEN MARIA BARAZAL SALGADO.- Rehabilitación de vienda sita na pranta baixa da Rúa Campo de Santo Antonio nº 21- Baixo.

LIC/2691/2007.- PAULA DE LA FUENTE GANTES.- Rehabilitación de vivenda na Rúa de Xelmirez nº 14.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 1.353

5.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de funcionarias de carreira correspondente á oferta de emprego do ano 2006.

Noméanse tres funcionarias.

6.- Gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

Abóanse as horas extras correspondentes e o plus de transporte por un importe total de 34.068 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á solicitude ao Ministerio de Economía e Facenda da subvención anual ao transporte urbano.

Apróbase a solicitude de subvencións ao servizo de transporte colectivo urbano interior de acordo co que recolle a Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2008.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa a solicitude ao INEGA da ampliación do prazo para a instalación do sistema de aluguer de bicicletas.

Solicítase ao INEGA que amplíe o prazo para a instalación do sistema de aluguer de bicicletas ata o 15 de xullo.

9.- Proposta da alcaldía relativa á rectificación do acordo nº 80 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2008 relativa ao cambio de numeración de rúas.

Acórdase agregar á rúa Pamplona os números 24 e 26 da rúa Concheiros.

10.- Proposta da alcaldía relativa ao outorgamento de nome a unha rúa.

Acórdase outorgar o nome de “rúa Paulo Coelho, escritor” a unha rúa no lugar de San Marcos (entrada do Camiño Francés a Santiago).

11.- Adxudicación do Servizo corporativo de telefonía fixa para envío de voz do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase a licitación de referencia á empresa TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, por un importe máximo de 131.984 euros/ano.

12.- Adxudicación do Servizo Corporativo de telefonía móbil do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o servizo a TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SAU, por un importe máximo de 64.346 euros.

13.- Adxudicación do Servizo Corporativo de Transmisión de Datos do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o servizo á empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA por un importe máximo de 32.295 euros/ano.

14.- Adxudicación Provisional das Obras de Adecuación das instalacións da Sala de Equipos de Comunicacions e Servidores no Pazo de Raxoi.

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 103.200 euros.

15.- Prórroga e revisión IPC contrato Mantemento dos sistemas de antirrobo e antiincendios dos Colexios Públicos.

Prorrógase por un ano o contrato subscrito coa empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, SL, e revísase o prezo da adxudicación segundo o IPC, que queda fixado en 13.508 euros/ano.

16.- Adxudicación definitiva do Servizo de desenvolvemento das actividades da escola de verán de Inglés.

Adxudícase definitivamente o servizo á empresa PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL por 29.970 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude e Festas relativa á aprobación das actividades de ocio e tempo libre no verán para a xuventude e o seu orzamento.

Apróbanse as actividades e un orzamento de 20.692 euros.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación das actividades e orzamento da exhibición de xogos de estratexia e miniaturas e xornada de introdución aos xogos de rol para nais e pais.

Apróbanse as actividades e un orzamento de 2.857 euros.

19.- Dar conta da concesión ao Concello de actuacións musicais e teatrais da rede cultural da Deputación da Coruña para o ano 2008.

Dáse conta da concesión de 20 actuacións cunha achega por parte da Deputación de 15.180 euros sobre un custo total de 23.570 euros.

20.- Dar conta da resolución da Secretaría Xeral de Emigración relativa á concesión de subvención ao Concello.

Dáse conta de dúas subvencións por parte da Secretaría Xeral de Emigración destinadas a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante por importe de 6.000 euros (para aloxamento e manutención) e 5.000 euros (para ensinanza da lingua galega e castelán)

21.- Dar conta da invitación a Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias para participar na convocatoria europea de creación da rede europea Programme of community action in the field of health 2008-2013.

Dáse conta da invitación a participar nesta rede que está composta pola rexión de Veneto (coordinadora), os municipios de Solna e Huddinge (Suecia), Letonia, a Deputación de Barcelona, Rumanía, Austria e Hungría.

22.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Española de Estudos Sociais y Sanitarios, para a realización de prácticas de estudantes que participan no "Master/Experto en dependencia e xestión de Servizos Sociais".

Dáse conta do devandito convenio polo que os alumnos e alumnas do máster realizarán prácticas na área de Benestar Social do Concello.

23.- Dar conta da sinatura do convenio asinado entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello para a xestión da Galescola de San Roque, integrada na rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas).

Dáse conta do devandito convenio.

24.- Dar conta das autorizacións outorgadas pola Concellaría de Mobilidade e Seguridade Cidadá para cacharelas con motivo da celebración das Festas de San Xoán.

Autorízanse un total de 132 cacharelas e sardiñadas.

25.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello polo Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais (ICAA).

Dáse conta da subvención concedida polo ICAA por importe de 60.000 euros para o desenvolvemento do V Festival de curtametraxes Curtocircuíto 08.

URXENCIAS

- 1.- Acórdase a continuación dos contratos subscritos con ANAINAR para a xestión das escolas municipais infantís de Conxo e Fontiñas durante o tempo necesario para tramitar unha nova adxudicación, estimado en 3 meses.
- 2.- Apróbanse as listas definitivas de admisión e espera para o curso 2008-2009 nas escolas municipais de Fontiñas e Conxo.
- 3.- Apróbase un orzamento de 1.685 euros para a celebración do I Torneo de Baloncesto Canastras contra a Droga, o vindeiro xoves 26.
- 4.- Apróbanse definitivamente axudas para a rehabilitación de 2 vivendas (en Sar de Afora e Poza de Bar, por importe de 9.550 e 17.579 euros, respectivamente) e inicialmente para 6 locais comerciais, todos eles na Praza de Abastos (2.967 euros o primeiro e 6.010 para cada un dos restantes).